



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Expresión artística: Fundamentos da cor

Materia	Expresión artística: Fundamentos da cor			
Código	P06G450V01106			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Dopico Castro, Marcos			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Introdución ao coñecemento dos principios e propiedades da cor. Introdución á representación da cor: modos e modelos de cor. A cor no entorno do deseño: racionalización, aplicación e presentación da cor. A cor como elemento expresivo. Xestión da cor en entornos dixitais.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código			
A1	Posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, tamén inclúe algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		
A5	Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		
C3	Coñecer os fundamentos estéticos do deseño (morfoloxía, estrutura, cor, espazo, volume, tectónica, tipografía e composición).		
C14	Coñecer os materiais, procedementos e técnicas asociados a cada linguaxe creativa específica, así como o vocabulario e os conceptos inherentes a cada técnica artística particular.		

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Identificar e enumerar os aspectos teóricos de percepción e natureza da cor en diferentes aplicacións e usos.	A1 A5	C3 C14
Empregar a cor en propostas bidimensionais e tridimensionais de expresión gráfica.	A1 A5	C3 C14
Bosquejar e ilustrar propostas bidimensionais de representación gráfica.	A1 A5	C3 C14
Investigar e experimentar con métodos de representación persoais, baseados no uso da cor, adecuados para propoñer proxectos de creación.	A1 A5	C3 C14

## Contidos

Tema		
Bases e Teorías da cor	Os principios fisiolóxicos da cor luz  Cor-Materia, pigmentos, tintas  Newton, Goethe	
Principios e propiedades da cor	Ton, saturación, luminosidade  armonías e composición	

Simbología e historia cultural das cores	Significados culturais das cores na vestimenta e no deseño gráfico
A cor e os proxectos relativos ao espazo	Interaccións e sinestesia
	A función da cor na señalética
A cor no entorno do deseño	A cor nos entornos dixitais

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	30	40
Estudo de casos	5	20	25
Resolución de problemas de forma autónoma	25	55	80
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Proxecto	2	0	2
Presentación	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Os contidos das leccións maxistrais veranse reflexados nos proxectos elaborados en grupo
Estudo de casos	Coa escolla dun caso específico, preténdese afondar na metodoloxía de investigación, manexando documentación de arquivos e bibliografía específica
Resolución de problemas de forma autónoma	En base a unhas premisas comúns traballarase no análise da contorna e na presenza de elementos que utilizan a cor e a composición como elemento expresivo e de comunicación

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado deberá ser capaz de afrontar a resolución de diferentes problemas planexados na aula a partir das leccións maxistrais e os estudos de casos como traballo autónomo. O/A profesor/a atenderá de xeito personalizado o traballo autónomo do alumnado, plantexando correccións, posibles melloras e alternativas de resolución do problema plantexado.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado tamén deberá ser capaz de afrontar a resolución de diferentes problemas planexados na aula no propio entorno do taller, en diálogo constante cos seus compañeiros/as. O/A profesor/a atenderá de xeito personalizado o traballo do alumnado, fomentando o diálogo e o debate na aula.
Proxecto	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan os alumnos/as, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicios propostos para resolver en periodos curtos de tempo	40	A1 A5	C3 C14
Proxecto	Creación dun proxecto final	40	A1 A5	C3 C14
Presentación	Realización dunha presentación final do proxecto realizado durante o curso ante o profesorado e resto do alunado.	20	A5	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### Convocatoria ordinaria

A avaliación realizarase de forma continua ao longo do cuadrimestre.

A asistencia ás clases será obrigatoria no modelo de avaliación continua, así como a entrega de todos e cada un dos traballos propostos. O profesorado realizará o seguimento da asistencia ás clases e a participación activa nas mesmas.

A avaliación continua realizarase en base ás metodoloxías/probas indicadas e ao seu porcentaxe de cualificación:

Plantexarase a resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma a través do traballo autónomo do/a estudante, e

a súa cualificación suporá un 40% da nota final.

Plantexarase un proxecto final que implique a demostración da adquisición de todos os coñecementos da materia de forma progresiva e que suporá un 40% da nota final.

Tamén se realizará unha exposición por parte do/a estudante ante o/a docente e o resto do grupo de estudantes dos resultados do proxecto, o que suporá o restante 20% da nota final da materia.

### **Avaliación global**

Para aqueles alumnos/as aos que se lles conceda a opción de avaliación global, a proba de avaliación consistirá na entrega de todos os problemas e/ou exercicios do cuadrimestre, así como na entrega do proxecto final e a realización dunha presentación o día da proba.

### **Convocatoria extraordinaria de xullo**

No caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, o/a estudante deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo, que consistirá na elaboración previa de todos os problemas e/ou exercicios do cuadrimestre, así como na entrega do proxecto final e a súa presentación.

Pódense consultar as datas de avaliación na páxina web da titulación:

<https://deseno.uvigo.gal/horarios-calendarios-avaliacions-gd-gal/>

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Best, Janet, **Colour Design: Theories and Applications**, 978-1845699727, The Textile Institute Book Series, 2023

Pastoureau Michel, **Diccionario de los colores.**, 978-84-493-2893-0, Paidós, 2013

Sara Caldas, **La paleta perfecta para diseño gráfico e ilustración. Combinaciones de colores, simbolismo y referencias culturales**, 978-8417412937, Promopress, 2021

Joseph Albers, **Interacción del color**, 978-8491047223, Alianza Editorial, 2017

#### **Bibliografía Complementaria**

PATRICK BATY, **LOS COLORES DE LA NATURALEZA**, 978-8412386172, 1, folioscopio, 2023

Anderson Feisner, Reed, **Colour Studies**, 978-1609015312, Fairchild, 2013

VVAA, **Palette Mini Series 02: Multicolour**, 978-9887903482, Victionary, 2020

Eva Heller, **Psicología del color: Cómo actúan los colores sobre los sentimientos y la razón**, 978-8425219771, Gustavo Gili, 2004

VVAA, **Revista Gráfica 24 □ Color**, 2444-846X, PalauGea, 2021

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Fundamentos do deseño II/P06G450V01108

Laboratorio integrado: Procedementos I/P06G450V01107

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Expresión artística: Fundamentos do debuxo/P06G450V01102

Fundamentos do deseño I/P06G450V01104